

MEMORIA
Área de Emprego e Emprendemento

CURSO 20/21

OBXETIVOS

A finalidade que impulsou a creación da Área de Emprego e Emprendemento (en adiante AEE) da Universidade de Vigo foi mellorar a empregabilidade e a inserción laboral do estudantado e persoas tituladas da Universidade de Vigo. Para acadar este propósito, a AEE vela polo cumprimento de varios obxectivos os cales requiren, para o seu cumprimento, da execución de accións específicas moitas incluídas nas liñas básicas do orzamento da universidade. Os obxectivos xerais a cubrir son os seguintes:

- Establecer convenios de cooperación educativa con empresas e institucións de diferente ámbito de coñecemento
- Facilitar a formación práctica do estudantado
- Incrementar a oferta formativa específica para mellorar a empregabilidade do estudantado
- Potenciar a oferta dun servizo personalizado de orientación laboral ao estudantado
- Ofrecer acompañamento para facilitar o acceso do estudantado a ofertas de emprego
- Xestionar ofertas de traballo de distintos perfís, e por en contacto oferta e demanda.
- Fomentar as competencias emprendedoras no estudantado
- Desenvolver estratexias e recursos que faciliten a emprendeduría no estudantado con capacidades diferentes
- Crear valor engadido e emprego a través da formación e da incubación de proxectos emprendedores
- Dar apoio as distintas accións que fomenten o ecosistema emprendedor da Universidade.
- Manter a cooperación co EURES co obxecto de promover o emprego e a mobilidade transfronteiriza na euro-rexión Galicia-Norte de Portugal.

Ao fin de velar polo cumprimento de estes obxectivos, a Área de Emprego e Emprendemento leva a cabo unha serie de accións que permiten ofrecer de maneira continuada novas oportunidades de inserción laboral e impulsar así a empregabilidade de estudantes e persoas tituladas desta universidade. Estas accións están agrupadas en liñas estratéxicas de actuación.

LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

As principais liñas estratéxicas nas que a AEE desenvolve a súa actividade son as seguintes:

- Liña estratéxica 1: Orientación laboral e información de emprego
- Liña estratéxica 2: Intermediación laboral
- Liña estratéxica 3: Formación para o emprego
- Liña estratéxica 4: Convenios de cooperación educativa
- Liña estratéxica 5: Emprendemento

Ademais de estas cinco liñas de traballo, dende a Área se promove, organiza e se participa en varios programas transversais. Así mesmo, dende a Área se promoven accións de cooperación transfronteiriza na euro-rexión Galicia-Norte de Portugal.

Liña estratéxica 1: Orientación laboral

Durante o curso académico 2020-21, o **persoal técnico superior en orientación laboral** da AEE realizaron unha labor de asesoramento e información laboral. Por medio de estas consultas as técnicas da AEE axudan ao estudantado e persoas tituladas que o soliciten a desenvolver o seu itinerario persoal de busca de emprego, utilizando as ferramentas necesarias no acceso aos procesos de selección, tales como o *curriculum vitae*, cartas de presentación, protocolo para entrevistas de selección de persoal, probas psicotécnicas etc.

Neste curso realizáronse **26 entrevistas individualizadas** de orientación laboral, 13 entrevistas realizadas a estudantes e outras 13 a persoas tituladas. A maioría das entrevistas foron realizadas a mulleres (73%) cun total de 19 entrevistas, mentres que soamente se realizaron 7 entrevistas a homes (27%).

Sexo	Estudantes		Titulados/as		Total	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Mulleres	8	31%	11	42%	19	73%
Homes	5	19%	2	8%	7	27%
Total	13		13		26	

A idade das persoas entrevistadas foi entre os 17 e os 41 anos, cunha idade promedio de 27 anos.

Idade das persoas entrevistadas (anos)	Media	Mínima	Máxima
	27	17	41

Entre estas entrevistas de orientación e asesoramento laboral, 23 foron primeiras entrevistas, 12 a estudantes e 11 a persoas tituladas. As 3 entrevistas restantes, entrevistas de seguimento, foron a mulleres, dúas tituladas e unha estudante.

Formación académica das persoas entrevistadas. A análise dos datos de entrevistas desglosado por ámbito e sexo reflicte que a maioría das persoas entrevistadas pertencían aos graos do ámbito xurídico-social (30%), case todas mulleres. Unha quinta parte das persoas entrevistadas pertencían ao ámbito das Artes e Humanidades (22%) e en igual medida ao ámbito Científico (17%) e o Tecnolóxico. Non houbo entrevistas a persoas pertencentes ao ámbito de Ciencias da Saúde. En menor medida, houbo entrevistas a persoas con estudos de Mestrado dos ámbitos Científico (9%) e das Artes e Humanidades (4%) (ver táboa para mais información).

Ámbito de coñecemento	Estudantes		Titulados/as		Total	%
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes		
Graos - Arte e Humanidades	2	2	1	0	5	22%
Graos - Científico	3	0	1	0	4	17%
Graos - Tecnolóxico	0	3	1	0	4	17%
Graos - Xurídico-Social	1	0	5	1	7	30%
Mestrados - Arte e Humanidades	0	0	1	0	1	4%
Mestrados - Científico	1	0	0	1	2	9%
Total	7	5	9	2	23	
Porcentaxe	30%	22%	39%	9%	100%	

Orixe xeográfica das persoas entrevistadas. A maior porcentaxe de persoas entrevistadas pertencían a Área Metropolitana de Vigo (39%), seguindo en igual medida de persoas residentes en localidades da provincia de Pontevedra que non son da Área Metropolitana de Vigo (13%) e de Ourense (13%). Soamente unha persoa entrevistada era da provincia de A Coruña e outra da provincia de Lugo. Houbo tamén entrevistas a dúas persoas pertencentes a outras comunidades autónomas e entrevistas a 4 persoas estranxeiras.

Procedencia xeográfica das persoas entrevistadas	Nº	%
Área Metropolitana de Vigo (AMV)	9	39%
Pontevedra (agás AMV)	3	13%
Ourense	3	13%
A Coruña	1	4%
Lugo	1	4%
Resto de España	2	9%
Estranxeiro	4	17%
Total	23	

Servizos demandados. Os servizos máis demandados polas persoas entrevistadas foron información sobre as prácticas en empresas (25%), revisión do Curriculum Vitae (20 %) e información sobre as saídas profesionais das súas titulacións (18%). O servizo demandado nas tres persoas que solicitaron unha segunda cita foi para a revisión do seu *Curriculum Vitae* (ver táboa para mais información).

SERVIZOS E INFORMACIÓN DEMANDADOS NAS ENTREVISTAS		Número	%
FORMATIVAS	Especialización	2	5%
	Formación para o emprego	1	2%
	Formación ocupacional	0	0%
PROFESIONAIS- LABORAIS	Información sobre o mercado laboral	4	9%
	Saídas profesionais	8	18%
	Carta de Presentación	1	2%
	<i>Curriculum vitae</i>	9	20%
	Entrevista de Selección	2	5%
	Emprego Privado	4	9%
	Emprego Público	2	5%
	Prácticas en empresas	11	25%

Liña estratéxica 2: Intermediación Laboral

Os obxectivos perseguidos con esta liña estratéxica son:

- Intermediar entre as empresas ou institucións e os/as aspirantes de perfil universitario para facilitar a presentación de ofertas de traballo dirixidas a eles/as.
- Conseguir que o/a titulado/a da Universidade de Vigo obteña un posto de traballo a través das ofertas que a Área de Emprego e Emprendemento (AEE) tramita coas empresas ou institucións e sempre acordes coa súa formación universitaria.
- Levar a cabo accións de difusión e captación de empresas/institucións co obxecto de impulsar a súa colaboración coa AEE da Uvigo.

Para cumprir con estes obxectivos, a Área de Emprego e Emprendemento leva a cabo dúas accións principais:

- Acción 2.1. Crear e xestionar unha bolsa de emprego co fin de difundir ofertas entre o estudantado e persoas recién tituladas da UVigo.
- Acción 2.1. Difundir entre o estudantado e recém titulados/as bolsas de formación práctica dirixidas a perfiles universitarios.

Acción 2.1 Publicación de Ofertas de emprego

Durante o curso académico 2020-2021, na bolsa de emprego xestionada pola Área de Emprego e Emprendemento tramitáronse un total de 172 ofertas de emprego para diferentes sectores.

As ofertas de emprego máis numerosas foron do ámbito tecnolóxico, un total de 71 ofertas (41%). Cabe destacar neste curso académico que o segundo lugar foi ocupado por ofertas de emprego destinadas a persoas do ámbito das ciencias da saúde (21%), incrementándose tanto as solicitudes para enfermeiros/as como para fisioterapeutas. As ofertas dirixidas ao ámbito xurídico-social, foron menos numerosas neste curso (16%), pasando do seu habitual segundo posto ao terceiro. O ámbito das artes e humanidades (5%) e o ámbito científico (3%) son os que tiveron o menor número de ofertas de emprego (ver táboa para mais información).

Ámbitos científicos	Ofertas de emprego	
	Nº	%
Tecnolóxico	71	41%
Artes e Humanidades	8	5%
Xurídico-Social	28	16%
Científico	6	3%
Ciencias da Saúde:	36	21%
Científico + Tecnolóxico	9	5%
Tecnolóxico + Xurídico-Social	2	1%
Humanidades + Xurídico-Social	6	3%
Máis de dous ámbitos:	6	3%
Total	172	
Media mensual	14	

Acción 2.2 Xestión de bolsas de formación Práctica.

Neste curso académico xestionáronse un total de 76 bolsas de formación práctica (non realizadas baixo o Convenio de Cooperación Educativa da Universidade de Vigo). Seguindo a tendencia habitual de bolsas xestionadas, a maior parte das bolsas dirixíanse a persoas recentemente tituladas e/ou estudantes finalistas do ámbito tecnolóxico (55%) seguido do xurídico-social (30%). No ámbito das artes e humanidades soamente se xestionaron dúas bolsas (3%) e unha bolsa (1%) no ámbito científico. Comparando as bolsas formativas coas ofertas de emprego, destaca que non se solicitou ningunha bolsa dirixida ao ámbito das ciencias da saúde (ver táboa).

Ámbitos científicos	Bolsas de formación práctica	
	Nº	%
Tecnolóxico	42	55%
Artes e Humanidades	2	3%
Xurídico-Social	23	30%
Científico	1	1%
Ciencias da Saúde	0	0%
Científico + Tecnolóxico	2	3%
Tecnolóxico + Xurídico-Social	2	3%
Humanidades + Xurídico-Social	4	5%

Total	76
Media mensual	6

Liña estratéxica 3: Formación para o emprego

Como non só a adecuación das candidaturas aos perfís profesionais demandados inflúe no éxito do proceso de inserción, senón que a habilidade cara a busca de emprego tamén o facilita, na Unidade de Emprego e Emprendemento organizamos accións formativas para promover a aprendizaxe e o desenvolvemento desas habilidades.

As accións desenvolvidas pódense dividir en tres tipoloxías:

- Acción 3.1. Impartición de obradoiros / relatorios de orientación laboral
- Acción 3.2. Impartición de obradoiros do programa “EMPREGarte”
- Acción 3.3. Xornadas de captación de talento
- Acción 3.4. Programa Xoves Empregables

Acción 3.1. Impartición de obradoiros relatorios *de Orientación profesional*

Ao fin de dar a coñecer as liñas estratéxicas de actuación da AEE, durante o curso académico 2020-2021 organizáronse distintas actividades, principalmente orientadas a orientación profesional do estudantado.

Na seguinte táboa pódense ver as presentacións da Área de Emprego e Emprendemento en xornadas de acollida e de orientación profesional que se organizaron en distintos centros da universidade.

Centro	Grao /Destinatario	Xornada	Campus	Data	Relatorio /Obradoiro
Facultade de Dereito	Mestrado Universitario en Avogacía	Acollida	Ourense	28/09/20	Relatorio sobre prácticas, ofertas de emprego e emprendemento.
Facultade de Historia	Grao en Xeografía e Historia	Orientación profesional	Ourense	13/11/20	Relatorio sobre estratexias para a búsqueda de emprego
Facultade de Dereito	Dobre Grao en Historia e Turismo e Grao en Turismo	Orientación profesional	Ourense	18 /12/20	Presentación da AEE
Escola de Enxeñaría Industrial	Graos en Enxeñarías Industriais	Forum Tecnolóxico	Vigo	25/01/21	Relatorio “Sácalle o máximo partido o teu CV, non sexas un/ha máis no Foro”

Fóra da universidade realizáronse dous obradoiros dentro das **Xornadas de orientación académico-profesional** no IES A Rúa, o 12 de febreiro de 2021: un obradoiro de empregabilidade destinado ao alumnado de 4º da ESO e outro ao alumnado de 1º/2º de Bacharelato.



Acción 3.2. Impartición de obradoiros do programa “EMPREGarte”

Entre o 16 e o 18 de xuño de 2021 celebráronse na Escola Universitaria de Estudos Empresariais, cinco obradoiros dentro do programa EMPREGarte, organizados tamén pola AEE, nos que se reforzaba a súa aposta pola empregabilidade de estudantes e persoas recentemente tituladas nun contexto de pandemia, “no que as empresas van necesitar máis que nunca talento humano que lles axude a superar a delicada situación actual de adaptarse ás necesidades futuras”.

OBRADOIRO EMPREGarte	DATA
Coñécete a ti mesmo/a: o teu proxecto profesional	16 / 06/ 21
Como e onde buscar emprego	16 / 06/ 21
CV e carta de presentación	17/ 06/ 21
Proceso de selección: test psicotécnicos, dinámicas de grupo, probas profesionais e entrevistas de selección	17/ 06/ 21
Traballar en Europa: un dereito/unha oportunidade.	18/ 06/ 21

Acción 3.3. Xornadas de captación de talento

O 11 de novembro de 2020 realizouse a xornada “Emprego Público” organizada polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública en colaboración coa Área de Emprego e Emprendemento. A xornada realizouse en liña a través da UvigoTV. O acto asistiron **mais dun cento de estudantes e titulados/as** da UVigo.

O obxectivo desta xornada foi informar das posibilidades laborais de emprego público na Administración Xeral do Estado.

Mediateca:

- Diario da Universidade de Vigo (DUVI):

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/administracion-xeral-estado-busca-campus-novas-xeracions-empregados-publicos-rachando-estereotipos>



Acción 3.4. Programa “Xoves Empregables”

A situación económica do momento derivada da pandemia da covid-19, non semellaba o mellor momento para comezar a busca activa de emprego, pero como en casi todas as situacións adversas, era tamén unha oportunidade para formarse. Patrocinado por EURES e EASI, a AEE puxo en marcha unha serie de webinars desenvolvidos a través do campus remoto.

En concreto, realizáronse un total de **12 sesións en liña**, dende o 10 de setembro ata o 26 de novembro de 2020, e rexistráronse **120 persoas**. Co obxectivo de ofrecer ás persoas participantes un programa formativo que lle proporcionara ao alumnado ferramentas e competencias transversais para impulsar a súa empregabilidade, cada ciclo foi impartido por profesionais con distintos perfís vinculados á área dos recursos humanos e desenvolvemento persoal e profesional,



O cronograma seguido e os ciclos impartidos foron os seguintes:

- 10/09: "Pon o foco no teu futuro e achégate aos teus talentos". Relatora: Isabel Bonet.
- 17/09: "Quen somos e a onde imos?". Relator: Pablo García Fortes.
- 24/09: "Actitude emprendedora? Póñame cuarto e medio". Relator: Pablo Osorio.
- 01/10: "Curriculum 10. Aprende a venderte". Relatora: Elena Huerga.
- 08/10: "Coida os minutos, e as horas coidaranse de si mesmas". Relator: Pablo García Fortes.
- 15/10: "Importancia da pegada dixital: posicionamento e fortalezas das diferentes RRSS". Relator: Miguel Giráldez.
- 22/10: "Ferramentas e consellos para enfrontarte con maior seguridade a unha entrevista de traballo". Relatora: Maruxa Mantecón Catalán.
- 29/10: "Resiliencia e a importancia de manter unha actitude positiva á hora de buscar emprego". Relatora: Belén Varela.
- 05/11: "A creatividade como habilidade laboral". Relator: Pere Rosales.
- 12/11: "Elabora o teu Proxecto Persoal de Emprego". Relatora: Reyes Fernández González.
- 19/11: "Novas tecnoloxías para o traballo en remoto". Relatora: Manuela Raposo Rivas.
- 26/11: "Novas tendencias en recrutamento e selección de persoal. Que buscan as empresas?". Relatores/as: Esther Mezquita (Grupo EULEN); Ana Pérez Rodríguez (Domiberia); Loli Pereiro (Bioga). Modera a maesa: Teresa Bernal (Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral- Xunta de Galicia)
- 09/10 ata 26/11: Mentorización de desenvolvemento do CV. Elena Huerga

Recursos dispoñibles:

- Acceso aos vídeos gravados cada sesión:
<https://tv.uvigo.es/searchmultimediaobjects?search=EMPREGABLES&tags%5B%5D=&duration=&type=&language=&year=>

Mediateca:

- Diario da Universidade de Vigo (DUVI):
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/xoves-empregables-cita-semanal-lanzar-carreira-profesional-alumnado>
- Galicia Digital:
<https://www.galiciadigital.com/nota.12541.php>

Liña estratéxica 4: Convenios de cooperación educativa

A Área de Emprego e Emprendemento ten encomendada a coordinación da xestión dos procedementos administrativos da sinatura dos convenios necesarios para a realización das prácticas externas académicas, tanto curriculares como extracurriculares, do estudantado da Universidade de Vigo. Baixo este contexto, a AEE serve de enlace entre as empresas e a Universidade na tramitación dos convenios de cooperación educativa que dean soporte xurídico ás estadías do estudantado. Esta actividade a realiza en coordinación cos centros (facultades e escolas) e coa Fundación da Universidade de Vigo, órgano que ten encomendada a xestión das prácticas académicas extracurriculares.

No curso académico 2020-2021 dende a Área de Emprego e Emprendemento xestionáronse un total de **647 convenios de cooperación educativa** para a realización de prácticas. Do total dos acordos asinados, 500 corresponderon a convenios de cooperación educativa formulados cos modelos tipo da Universidade de Vigo (76%), e permitiron a cobertura da realización de prácticas externas curriculares e extra-curriculares dos estudantes de todas as titulacións oficiais e títulos propios da Universidade de Vigo. Dos 147 convenios restantes, 19 (3%) foron convenios de cooperación educativa nos que se utilizaron outros modelos de convenio negociados coas empresas ou institucións asinantes; 47 foron prorrogas de convenios (7%); 66 foron convenios interuniversitarios (10%), os cales permiten formalizar prácticas nunha empresa ao alumnado dalgunha das universidades asinantes, normalmente dirixida a un estudo específico de mestrado; 22 (3,5%) foron acordos internos para a realización de prácticas en servizos e dependencias da propia Universidade de Vigo (3%). Tamén foron asinados 3 (0,5%) convenios inversos para o estudantado doutra universidade que ven facer prácticas externas nalgunha dependencia da Universidade de Vigo (consultar táboa para mais detalle).

Tipoloxía Convenios firmados entre 01/09/2020 a 31/08/2021	Nº Convenios	%
Convenios de cooperación educativa (Modelos Uvigo)	500	76%
Prórrogas de convenios de cooperación educativa	47	7%
Convenios de cooperación educativa (Modelos empresas/institucións)	19	3%
Convenios Interuniversitarios	66	10%
Convenios inversos	3	0,5%
Acordos internos	22	3,5%
Total	657	

Distribución xeográfica das institucións cas que se asinaron convenios.

Os convenios foron asinados con 625 empresas/institucións das que a metade delas localízanse na provincia de Pontevedra, seguidas de 114 empresas da provincia de A Coruña (18%), 63 da provincia de Ourense (10%) e tan só 17 empresas da provincia de Lugo (3%). Fora do ámbito de Galicia, 40 empresas son da Comunidade de Madrid (6%) e 11 da provincia de Barcelona (2%). Un 11% das empresas que asinaron convenios distribúense no resto do ámbito nacional. Ver táboa para mais detalle.

Provincia	Núm. empresas por provincia	%
Pontevedra	314	50%
A Coruña	114	18%
Ourense	63	10%
Lugo	17	3%
Madrid	40	6%
Barcelona	11	2%
Outras	66	11%
Total	625	

Tipoloxía das institucións asinantes de convenios de cooperación.

A porcentaxe maior corresponde con pequenas empresas (43%), seguidas de autónomos (15%), medianas empresas (14%), fundacións/asociacións sen ánimo de lucro (11%) e administracións públicas (10%). As porcentaxes minoritarias corresponden coas grandes empresas (4%), as multinacionais (2%) e as empresas familiares (1%) (ver táboa para mais detalle).

Tipo de empresa	Núm empresas asinantes	
Pequena (menos de 50 traballadores)	271	43%
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	86	14%
Grande (máis de 500 traballadores)	24	4%
Fundación / Entidade sen Ánimo de Lucro	69	11%
Empresa familiar	6	1%
Autónomo	95	15%
Administración pública	62	10%
Multinacional	12	2%
Total	625	

Actividade económica das institucións asinantes.

As actividades económicas máis destacables das empresas que asinaron convenios de cooperación educativa ao longo do curso 20-21, foron as actividades profesionais, científicas e técnicas (28%), seguidas daquelas empresas que se dedican ás actividades artísticas, recreativas e de entretemento (10 %), as industrias manufactureiras (9%) e as que realizan outros servizos (9%) (ver táboa para mais detalle).

Actividades económicas	Empresas asinantes	
Actividades administrativas e servizos auxiliares	20	3%
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	64	10%
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	3	0%
Actividades financeiras e de seguros	6	1%
Actividades inmobiliarias	2	0%
Actividades profesionais, científicas e técnicas	174	28%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	29	5%
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	41	7%
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	22	4%
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	35	6%
Construción	11	2%
Educación	43	7%
Hostalaría	10	2%
Industria manufactureira	56	9%
Industrias extractivas	2	0%
Información e comunicacións	39	6%
Outros servizos	56	9%
Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	2	0%
Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	3	0%
Transporte e almacenamento	7	1%
Total	625	

Liña estratéxica 5: Emprendemento

A Área de Emprego e Emprendemento fomenta a formación en competencias propias do autoemprego do estudiantado e das persoas tituladas pola Universidade de Vigo, principalmente a través da convocatoria de tres programas propios deseñados para facilitar o desenvolvemento de ideais de negocio: o **INCUVI-EMPRENDE**, como programa de apoio a iniciativas empresariais na súa fase inicial, o **INCUVI-AVANZA**, programa deseñado para facilitar a consolidación dos proxectos máis viables entre aqueles que fixeron o seu paso polo programa INCUVI-EMPRENDE e o **INCUVI-CONSOLIDA**, como programa de maduración e consolidación dun proxecto emprendedor beneficiario de INCUVI-AVANZA e que partiu no ano 2020 coa súa primeira edición.

As accións levadas a cabo dende a AEE en cada un de estes programas se describen a continuación:



IX edición de INCUVE EMPRENDE: programa de apoio a iniciativas empresariais sustentado na preincubadora INCUVI a través dun concurso de ideas e ofrecendo espazos para acoller proxectos. O prazo para inscribirse nesta convocatoria estivo aberto ata o 30 de outubro de 2020.

O premio aos proxectos escollidos son a formación, asesoría e apoio na elaboración dun Plan de Negocio.

As tarefas realizadas polos compoñentes de cada un dos 12 proxectos enfocáronse na aplicación practica da materia impartida en cada unha das sesións formativas, de tal forma que os/as participantes puideron definir a súa función no proxecto, desenvolver a súa idea de negocio, aprender a testala e realizar un plan de negocio. Antes do remate do programa, consolidáronse dous proxectos.

Ao fin dos 7 obradoiros formativos, os/as participantes no programa contestaron unha enquisa. Atendendo ao grado de satisfacción co programa, a puntuación promedio

obtida nos obradoiros foi de 4,5 sobre 5. Así mesmo, a puntuación das titorías foi tamén de 4.5 sobre 5. O único aspecto negativo destacado foi a falta de tempo (para formarse, para recibir mais titorías, en definitiva para seguir madurando os seus proxectos da man dos/as mentores). Estas puntuacións poñen en evidencia o bo funcionamento do programa.

V edición de INCUVI-AVANZA: iniciativa de apoio á consolidación dos proxectos máis viables entre aqueles que pasaron polo programa INCUVI-EMPRENDE. A través dunha convocatoria de axudas, a AEE proporciona un servizo de asesoramento personalizado, unha axuda económica para subvencionar custes relacionados coa constitución como empresa, así como un espazo de traballo durante 8 meses.

Os 4 proxectos maduraron moi significativamente e aproveitaron de maneira eficiente tanto os recursos recibidos como parte do programa como os ofrecidos polas entidades colaboradoras no mesmo.



V INCUVI AVANZA
Axudámosche a faer medrar a túa empresa

30 aniversario

Presentación de solicitudes
ata o 30 de outubro de 2020
secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/580

Universidade de Vigo

Colaboran:
FUNDACIÓN
universidade de vigo
Centro de Investigación,
Transferencia e Innovación
XUNTA
DE GALICIA
CONVOCATORIA
de AVANZA
VIGO
Santander

O prazo para inscribirse nesta convocatoria estivo aberto ata o 30 de outubro de 2020.

I edición de INCUVI-CONSOLIDA: o obxecto desta convocatoria é contribuír á consolidación de proxectos viables, previamente beneficiarios do programa da IV edición de INCUVI-AVANZA e que desexen continuar coa maduración e desenvolvemento do proxecto emprendedor. A axuda deste programa consiste nunha axuda en forma de mentorización e nunha achega económica para facer fronte a custos derivados da consolidación do proxecto emprendedor.

O prazo para inscribirse nesta convocatoria estivo aberto ata o 6 de novembro de 2020.

I INCUVI CONSOLIDA

Axudámosche a madurar a túa empresa

30
aniversario



Presentación de solicitudes
ata o 6 de novembro de 2020
secretaria.uvigo.gal/in/web/convocatoria/public/show/584



Universidade de Vigo

Organiza
Área de Empleo
e Emprendemento

Colaboran
FUNDACIÓN
empresarial de Vigo
XUNTA
DE GALICIA
ZONA FRANCA
VIGO
Santander

Mediateca:

La Universidad premia a sus alumnos más emprendedores

Los galardones Incuvi Emprende, Avanza y Consolida reconocieron 17 iniciativas

PROCESO DE SELECCIÓN DE PREMIOS

La Universidad de Vigo celebró la entrega de la 'Medalla de las perlas' Incuvi Emprende, la quinta de las Avanza y la primera de las Consolida, a los ganadores de los concursos de ideas emprendedoras.

Debido a la contingencia, el acto de entrega de premios se celebró de forma telemática a través de una videollamada en la que participaron el delegado de la Zona Franca de Vigo, David Riegadas, y de la vicepresidenta de Captación de Alumnos, Estrella Sánchez, y la secretaria, Natalia Cordero.

Entre el fueron 17 las iniciativas que fueron premiadas: diez en la categoría Emprende, tres en Avanza y cuatro en Consolida. Los ganadores de las categorías Emprende y Avanza son los alumnos de la facultad de Ciencias de la Vida, y los de Consolida son los de la facultad de Ciencias de la Tierra.

La primera edición de las ayudas Consolida tiene como destinatarios a los López y Raquel Gómez, im-



Capturas de las vistas de las iniciativas ganadoras de estos premios.

políticas de la cooperativa Sonos Tierra, una cooperativa ambiental que tiene como objetivo "fomentar la sostenibilidad en el territorio", centrando su actividad profesional en educar, sensibilizar e impulsar a los emprendedores la sostenibilidad en el desarrollo de sus actividades empresariales.

DERIVADO A LA PANDEMIA LA GALA DE ENTREGA DE ESTOS PREMIOS SE TUVO QUE CELEBRAR POR PRIMERA VEZ DE FORMA TELEMÁTICA.

Formula un proyecto de producción de proteína alternativa a la industria alimentaria, ParSecure se centra en garantizar la seguri-

dad en procesos de compra-venta electrónica. La galia puesta por la digitalización para la industria 4.0 y Wigo es una plataforma de planificación de viajes. Por su parte, las tres proyectos ganadores de los premios Emprende consisten en la creación, asociación y apoyo en la creación de un plan de empresa. Son ideas aún en germen, algunas que surgen en plena coexistencia, y otras que se venían amoldando desde tiempo atrás.



Os premios Incuvi da UVigo recoñecen proxectos de mobilidade, sustentabilidade e novas tecnoloxías


Entre as ideas premiadas nesta convocatoria hai proxectos para transformar a mobilidade; unha marca de roupa adaptada á economía circular; un proxecto cultural que persegue salvar distancias entre patrimonio histórico, cultura e tecnoloxía; e unha iniciativa para o fomento da impresión 3D.

Por

E.P.

-

4 Febreiro, 2021



Capturas dalgúns dos vídeos gañadores dos premios Incuvi 2021.

UNIVERSIDADE DE VIGO

5/2/2021

Proyectos de movilidad, sostenibilidad y nuevas tecnologías, entre los galardonados en los premios Incuvi de la UVigo




PRESSDIGITAL • THE ECONOMY JOURNAL • GALICIA PRESS • CATALUNYAPRESS • VILAPRESS



Proyectos de movilidad, sostenibilidad y nuevas tecnologías, entre los galardonados en los premios Incuvi de la UVigo

Europa Press | Jueves, 4 de febrero de 2021, 17:50



Un total de 17 proyectos, vinculados al ámbito cultural, a la movilidad, a la sostenibilidad y a las nuevas tecnologías, entre otros sectores, han sido galardonados en la IX edición de los premios Incuvi Emprende, la V edición de Incuvi Avanza, y la I edición de

PUEDEN INTERESARTE

Mis preferencias

<https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrat/2478793/proyectos-movilidad-sostenibilidad-nuevas-tecnologias-entre-galardonados-premios-incuvi> 1/4

A pandemia non frea o espírito emprendedor do alumnado da Uvigo

► Manuel Reigosa, Natalia Caparrini e David Regades eloxian a orixinalidade dos 17 proxectos gañadores dos premios Incuvi

REDACCIÓN

PONTEVEDRA. A covid 19 non cortou o espírito emprendedor do alumnado da Universidade de Vigo tal e como quedou claro na entrega dos premios Incuvi nas súas distintas modalidades.

No acto, que tivo lugar onde de xeito virtual, segundo informa o Duvi, participaron o reitor, Manuel Reigosa; o delegado do Estado na Zona Franca de Vigo, David Regades, e a vicerreitora de Captación de Alumnado, Natalia Caparrini.

Manuel Reigosa salientou que cos premios Incuvi Emprime, Incuvi Avanza, Incuvi Consolida

a Universidade de Vigo da man de múltiples patrocinadores e colaboradores, quere axudar ás súas alumnas e alumnos máis emprendedores a pór en marcha as súas ideas para que cristalicen «se non todas, a maioría delas, en proxectos de éxito».

Tanto o reitor, como a vicerreitora, como o delegado do Estado no Consorcio Zona Franca, destacaron a importancia do traballo en rede, pois sen este tipo de colaboracións sería, ao seu xuízo, imposible sacar adiante este tipo de iniciativas.

Os 12 proxectos gañadores dos Premios Incuvi Emprime recibiran formación, asesoría e apoio na elaboración dun plan de empresa. Son ideas aínda en xerme, algunhas que xurdiron en plena corentena, e outras que se viñan madurando desde tempo atrás e que, agora, logran o apoio necesario para botar a andar. Entre as propostas que recibiron unha maior puntuación do xurado está Vi&Go, impulsada por Marta Álvarez, Antón Illanes, Ignacio Iglesias e Adrián Marnotes, e dirixida a ofrecer solucións para transformar a mobilidade tal e como se entendeu ata o de agora. A través dun servizo de motos e bicicletas eléctricas e intelixentes daránlle ao usuario a posibilidade de desprazarse mediante o préstamo e uso dos seus vehículos.

Aínda que a maioría dos proxectos premiados son grupais, tamén os hai de carácter individual. É o caso de daOrixe, unha plataforma de venda de produtos de proximidade e responsables coa contorna, impulsada por Viviana Martínez, titulada do Máster de Responsabilidade Social Corporativa; EnGarde, de Xiana Pérez Ogando, do Grao en Ciencias da Actividade Física e

do Deporte, propón unha escola de esgrima a pé e esgrima adaptada; Diana Torres, do Grao en Publicidade e Relacións Públicas, bautizou o seu proxecto de comunicación dixital e copyrighter especializado no sector artesán como Diana Limón; e Acción Rural Carballiza, de Estefanía Vázquez, traballadora social e profesional do ocio educativo, propón o fomento das contornas rurais como lugares nos que desenvolverse tanto profesional como personalmente.

A diferenza doutros anos nesta edición estas axudas non van vinculadas a un campus concreto e os espazos facilitaríanse só a aqueles equipos de traballo para os que dispor dun local poida axudarlles a desenvolver o seu proxecto.

Pola súa banda David Regades fixo fincapé en que o talento que nace da Universidade de Vigo ten que ter «unha ponte, unha vía para poder desenvolverse de forma propia a través do autoemprego e a creación de empresas» e, nese contexto, os emprendedores que xurdan das aulas da UVigo sempre van contar co apoio da Zona Franca.

viernes, 5 de febrero 2021

Metropolitano


ALERTAS WHATSAPP

AGENDA QUÉ HACER PLANES ENFOQUE DEPORTES GAFAPASTA

PEQUEOCIO

Portada > Cursos y concursos

A pandemia non frea o espírito emprendedor do alumnado da UVigo: estes son os proxectos gañadores



Compartir en Facebook

Compartir en Twitter

Compartir en Whatsapp

Outras acción transversais

Publicación de novas

Durante o curso académico 2020-21 dende a AEE deuse difusión a 79 novidades de diferente tipoloxía a través da sección corresponde na web da AEE. As novas máis numerosas foron as que informaban sobre ofertas de emprego (27%), bolsas de formación práctica (25%) e cursos (19%).

Tipoloxía	Cantidade	%
Bolsas de investigación	5	6%
Bolsas de estudos	1	1%
Bolsas formativas	20	25%
Bolsas de lectorado	3	4%
Xornadas de portas abertas	2	3%
Cursos	15	19%
Ofertas de emprego	21	27%
Convocatorias listaxes de contratación	3	4%
Convocatorias emprego público	3	4%
Emprendemento	1	1%
Concursos /Premios	3	4%
Seminarios/charlas informativas	2	3%
Total	79	

Ademais, a AEE colaborou coa **publicación “UNIVERSITAS”** durante o curso lectivo, publicando catro novidades e catro ofertas de emprego/bolsas escollidas entre as publicadas na sección de ofertas de emprego e na sección de novas da páxina web da área.

Convocatoria do programa de “BOLSAS PRÁCTICAS FUNDACIÓN ONCE-CRUE” para alumnado universitario con discapacidade, en colaboración ca Fundación ONCE

Co fin de promover a mellora da empregabilidade e o futuro profesional das persoas estudantes universitarias con necesidades especiais, a UVIGO e a Fundación ONCE publicaron, en réxime de concorrência competitiva, unha convocatoria de bolsas co obxectivo de facilitar o desenvolvemento de prácticas académicas externas dirixidas a este colectivo. O equipo técnico da AEE foi a unidade da UVIGO encargada de buscar as empresas/entidades máis adecuadas para a realización das prácticas das 5 persoas seleccionadas, atendendo o seu perfil (estudos, intereses profesionais, adaptación do posto á discapacidade...), e previa realización dunha entrevista de orientación laboral.

As prácticas tiveron unha duración semanal de 25 horas e desenvóléronse o longo de 3 meses, segundo as bases da convocatoria publicada. O perfil do estudantado seleccionado e a entidade na que realizaron as prácticas queda reflexado na seguinte táboa:

Sexo	Titulación (Grado /Mestrado)	Empresa/entidade
Home	Grao en Ciencias Ambientais	Xeitura
Muller	Grao en Comercio	LM Eight Solar
Muller	Mestrado en Profesorado de Secundaria	POSSUMUS
Home	Grao en Enxeñaría Mecánica	SyC itv Applus
Muller	Grao en Bioloxía	Zinereo

Accións de empregabilidade transfronteriza:

Organización da OneJob 2020 – Feria Internacional Online de Emprego Universitario



Se ben o 27 de outubro de 2020 celebrouse a primeira edición da OneJob - Feira Internacional de Emprego, realizada exclusivamente en modo online xa que a situación sanitaria do momento non recomendaba o formato presencial de calquera tipo de evento, esta feira resulta ser a continuidade natural das edicións online que a FindeU xa viña desenvolvendo. Concretamente a OneJob foi organizada conxuntamente pola UTAD (Universidade Trás-os-Montes e Alto Douro), a Universidade de Vigo, EURES Transfronteriza Galicia - Norte de Portugal e GNP-AECT (Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal), xunto con IEFP / EURES Portugal e a Xunta de Galicia.

Segundo constan nos rexistros do evento, participaron 55 empresas e 7 puntos de información de toda Europa e inscribíronse 2.035 participantes/demandantes de emprego entregando 1.720 CVs. O 96 % das persoas participantes posuían estudos universitarios.

En total, ofertáronse 306 postos de traballo e realizáronse 260 entrevistas aos participantes que presentaron a súa candidatura.

Vigo, Decembro 2021